

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL BRIÓN

Edicto bases do VII Premio Laudamuco para textos teatrais 2025

EDICTO BASES DO VII PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2025

Laudamuco, señor de ningures foi a obra do noso ilustre veciño Roberto Vidal Bolaño que recibiu o premio Abrente en 1976; desde entón foi posta en escena por varias compañías e grupos galegos, mais a súa estrea o dezaseis de maio de 1978 pola compañía Antroido con dirección de escena de Eduardo Alonso, supuxo o inicio da singradura profesional do teatro galego. Van alá corenta e cinco anos daquela audaz iniciativa, daquela decisión determinante para o conxunto do sistema teatral galego. Por iso e coa intención de estimular e apoiar a creación dramática en lingua galega, e para contribuír ao recoñecemento de Roberto Vidal Bolaño por todo o que representou e segue a representar na nosa cultura, o Concello de Brión, co apoio da Academia Galega de Teatro e de Edicións Positivas, convoca, o VII Premio “Laudamuco” para Textos Teatrais 2025, de acordo coas seguintes bases:

BASES

Primeira.- Poderán optar ao premio todas as autoras e todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obra dramática inédita e nunca antes premiada, sempre que estea escrita en lingua galega.

Segunda.- A dotación económica do premio será de 7.000 euros, ademais da edición da obra gañadora que correrá a cargo de Edicións Positivas, renunciando as autoras e os autores a percibiren dereitos de autor por esta primeira edición (400 exemplares). Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan aplicables. Asemade, entregaráse ao/á gañador/a unha obra artística conmemorativa.

Terceira.- O tema e a extensión da obra será libre. As obras deberán presentarse exclusivamente en formato dixital. Para participar, as persoas interesadas enviarán un correo electrónico a: premiolaudamuco@concellodebrion.gal indicando no campo asunto o texto “VII Premio Laudamuco”. Á mensaxe anexarase DOUS arquivos:

O Arquivo 1.- Texto da obra coa que se concursa en formato PDF. Este arquivo levará o seguinte nome: “Título da obra e pseudónimo ou lema elixido”. O arquivo informático deberá presentarse limpo de metadatos (revisar as propiedades do documento) e non poderá conter ningunha clase de sinatura ou identificación da autoría.

O Arquivo 2.- Plica en formato PDF. Este arquivo levará o seguinte nome: “Plica. Título e pseudónimo ou lema elixido” e ten que conter os seguintes datos:

1. Título:
2. Pseudónimo:
3. Lema:
4. Datos da autoría:
 - Nome completo:
 - DNI:
 - Teléfono móbil:
 - Outros teléfonos:
 - Correo electrónico:
 - Breve currículo:

Cuarta.- O prazo de admisión de orixinais rematará o día 29 de xaneiro de 2025 ás 23:00 horas. A medida que se vaian recibindo as obras, e nun prazo non superior a 72 horas, contestarase aos correos informando da súa recepción; tralo que, serán revisadas para comprobar que se axusten a esta convocatoria. De non ser así, serán anulados sen máis.

Quinta.- O xurado do premio estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito das artes escénicas. Será proposto pola Academia Galega de Teatro e nomeado polo Alcalde de Brión. Actuará como secretario/a a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes.

Sexta.- Na proposta de resolución do premio haberá unha única obra gañadora. Unha vez emitida a acta do xurado, os servizos do Concello que custodian a documentación presentada procederán á consulta do Arquivo 2 correspondente á obra gañadora. O resultado e mais a composición do xurado será comunicado tralo veredicto que será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Brión, que é o órgano competente para resolver o premio.

Sétima.- A entrega do premio terá lugar nun acto organizado polo Concello de Brión o 16 de maio de 2025, corenta e seis aniversario da posta en escena de Laudamuco, señor de ningures. Trala entrega e aceptación do premio, a Academia Galega de Teatro resérvase o dereito de facer unha lectura dramatizada do texto sen que iso supoña compensación económica para o/a autor/a premiado/a.

Oitava.- Tralo fallo do xurado, resolución e entrega do premio, o Concello de Brión procederá á destrución da documentación presentada a este certame, agás os anexos correspondentes á obra gañadora. Da actual convocatoria só se conservará nos arquivos do Departamento de Cultura unha relación de títulos e pseudónimos presentados en tempo e forma.

Novena.- A participación nesta convocatoria supón a aceptación total destas bases. A entidade organizadora queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nas presentes bases.

O que se publica para xeral coñecemento.

Brión, 25 de outubro de 2024

O Alcalde

Pablo Lago Sanmartín

2024/7595